



## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DA ANPA CURSO 2023-2024

Desde a Xunta Directiva da ANPA 'Andaravía' queremos compartiros a proposta de actividades extraescolares que temos prevista para este curso, que agardamos sexa do voso interese:

	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
15:30 - 16:30	Arte (Infantil e 1º - 2º Primaria)	English Games (Infantil e 1º - 2º Primaria)	Arte (Infantil e 1º - 2º Primaria)	English Games (Infantil e 1º - 2º Primaria)	Multiobradoiro (Infantil e 1º - 2º Primaria)
	Inglés (3º - 6º Primaria)	Manualidades e pintura (Primaria)	Inglés (3º - 6º Primaria)	Ciencia divertida (3º - 6º Primaria)	Xadrez (Primaria)
16:30 - 17:30	Natación escolar 16:15 - 17:00 (Primaria)	Robótica (3º - 6º Primaria)	Natación escolar 16:15 - 17:00 (Primaria)	Defensa persoal (Primaria)	
	Teatro, con Fran Rei (Primaria)	Baile moderno (Infantil e 1º - 2º Primaria)			
	Multideporte (Infantil)				

### Prezo

As actividades teñen un prezo de 15 €/mes e só se impartirán aquelas en que haxa máis de 8 crianzas matriculadas. Naquelas actividades que se imparten dous días á semana, pode irse só un día (15€/mes) ou os dous días (22€/mes). **Manualidades e pintura** teñen un custo a maiores de 25 euros anuais por alumno/a para material. **Natación escolar** impartirase na piscina municipal. Un monitor ou monitora recollerá no centro o alumnado que vaia ao comedor.

Tedes máis información no propio formulario de inscrición, que estará aberto desde xa mesmo e ata o vindeiro mércores, 20 de setembro, ás 23:59 horas. Así poderémosvos confirmar cunha semana de antelación o comezo das actividades, previstas para o luns, 2 de outubro.

### Formulario de inscrición

Abre esta ligazón nun dispositivo con conexión a internet ou escanea o código QR co teu teléfono móbil: <https://i.gal/extraescolaresBrion2023>



Inscríbete na extraescolares da ANPA!

### Bos Días Cole

Por último, lembrámosvos que o servizo Bos Días Cole está xa operativo desde as 7:30 horas. As familias que o precisen poden contactar con [madrugadores@sifservicios.com](mailto:madrugadores@sifservicios.com) para obter máis información. Cabe lembrar que as familias socias da ANPA teñen prioridade no acceso a este servizo, prestado pola asociación, ao tempo que as familias non socias deberán pagar unha matrícula.

Se aínda non te asociaches e queres gozar das vantaxes de seres parte da ANPA Andaravía, abonda con que cubras este sinxelo formulario en liña. Para iso, abre esta ligazón nun dispositivo con conexión a internet ou escanea o código QR co teu teléfono móbil: <https://i.gal/andaravia>



Asóciate á ANPA!